

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española; no Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego; nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia europea de emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á comunidade autónoma, en concordancia co artigo 149.1º.7 da Constitución española, competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

No título V da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo (BOE do 12 de xullo), dedicado ao fomento e promoción do traballo autónomo, establécese que os poderes públicos adoptarán políticas de fomento do traballo autónomo dirixidas ao establecemento e desenvolvemento de iniciativas económicas e profesionais por conta propia. Na aplicación destas políticas de fomento tenderase ao logro da efectividade da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e prestarase especial atención aos colectivos de persoas desfavorecidas, entre as cales as persoas con discapacidade ocupan un lugar preferente.

A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia establece no seu artigo 31 que, no marco da consideración como colectivo prioritario, as políticas activas de emprego valorarán as circunstancias das mulleres con especiais dificultades de inserción laboral. Así mesmo, o artigo 38 desta lei establece que o departamento da Administración competente en materia de traballo poderá incluír nas actuacións programadas



en relación coa política de emprego destinada a promover a inserción laboral efectiva das mulleres accións positivas e actuacións de discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos os sexos no emprego por conta propia, e que nas medidas dirixidas ao fomento de empresariado feminino se terán en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.

A Comunidade Autónoma galega considera de importancia o retorno e a incorporación laboral da súa poboación no exterior, polo que con esta liña se pretende tamén chegar á poboación galega, laboralmente activa, que reside fóra de Galicia.

Esta orde de convocatoria enmárcase no artigo 14 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, como fórmula de inserción ou reinserción no mercado de traballo.

Na redacción da orde recóllense as regulacións específicas establecidas na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

De conformidade co Decreto 168/1984, do 15 de novembro, de asunción de funcións e servizos transferidos, correspóndelle á comunidade autónoma a xestión de calquera tipo de axuda, subvencións e préstamos que realizaba a Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo, e de acordo co disposto no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, correspóndelle a esta o exercicio entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Consonte o anterior, correspóndelle a esta consellería a regulación específica, a convocatoria, a xestión e o control das axudas e subvencións do Programa de promoción do emprego autónomo.

Neste contexto de actuación nesta orde régulase o programa de promoción do emprego autónomo e procédese á súa convocatoria para o ano 2016.



As bases do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión das axudas en réxime de concorrencia competitiva.

Tendo en conta o volume de solicitudes presentadas nos últimos anos e co obxectivo de que o orzamento asignado a este programa sexa máis equilibrado conforme o nivel de persoas desempregadas que hai en cada provincia, na presente orde farase unha distribución provincial do crédito en función da taxa de desemprego segundo os datos de paro rexistrado no Servizo Público de Emprego de Galicia a nivel provincial en 31 de decembro de 2015.

No suposto de que o crédito asignado a unha provincia sexa superior ao número de solicitudes presentadas de xeito que exista remanente orzamentario, procederase a realizar unha repartición proporcional deste entre as provincias restantes.

O programa operativo FSE Galicia 2014-2020 ten entre os seus obxectivos promover uns niveis elevados de emprego e de calidade deste, prestando axuda ás persoas traballadoras e a emprendedores, beneficiando especialmente as persoas desfavorecidas, como os desempregados de longa duración, as persoas con discapacidade, en situación de exclusión social, etc. e fomentado a igualdade entre homes e mulleres.

Dentro do obxectivo temático “promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade”, apoiarase o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas, sempre establecéndose como base a mellora da competitividade e a sustentabilidade a longo prazo das pequenas e medianas empresas creadas.

Tendo en conta o anterior, o programa de promoción do emprego autónomo está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do programa operativo do FSE de Galicia 2014-2020 e, en particular:

Eixe 1. Promover a sustentabilidade e a calidade e o emprego e favorecer a mobilidade laboral.

Prioridade de investimento 8.3. Promover o traballo por conta propia, o espírito empresarial e a creación de empresas, incluíndo pemes e microempresas innovadoras.

Obxectivo específico 8.3.1. Aumentar as competencias emprendedoras e incrementar o número de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables creadas, facilitando o seu financiamento e mellorando a calidade e eficiencia dos servizos de apoio e de consolidación.



Estas axudas están sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, polo que queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

Así, o financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.322C 472.0, código de proxecto 2015 00564, cun crédito de 17.344.275 euros, que figura no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, aprobado polo Consello da Xunta do 19 de outubro de 2015.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo da autorización previa da Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos e do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

CAPÍTULO I

Finalidade, requisitos e tipos de axuda

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras do Programa de promoción do emprego autónomo e proceder á súa convocatoria para o ano 2016.

2. A finalidade deste programa é promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais cunha viabilidade económica e financeira que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.



3. Ao abeiro desta orde subvencionaranse as altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nela, se formalicen ou se vaian formalizar desde o 1 de outubro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016, ambos inclusive.

Artigo 2. *Marco normativo*

1. As solicitudes, tramitación e concesión das axudas do Programa de promoción do emprego autónomo axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, aprobado polo Consello da Xunta do 19 de outubro de 2015; no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Orde TAS/1622/2007, do 5 de xuño, pola que se regula o Programa de promoción do emprego autónomo, e nesta orde.

2. Por tratarse de subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo serán de aplicación o Regulamento (UE) 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo (DOUE L 347, do 20 de decembro de 2013), e o Regulamento (UE) nº1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, así como a normativa estatal de subvencionabilidade dos gastos para o período 2014-2020.

Artigo 3. *Principios de xestión*

A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.



c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 4. *Orzamentos*

1. A concesión das axudas e subvencións previstas para o ano 2016 nesta orde estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 09.40.322C 472.0, código de proxecto 2015 00564, cun crédito de 17.344.275 euros, que figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, aprobado polo Consello da Xunta do 19 de outubro de 2015.

2. A distribución provincial de créditos para o financiamento das axudas e subvencións previstas nesta orde será directamente proporcional á porcentaxe do paro rexistrado en cada provincia en 31 de decembro de 2015, segundo os datos de paro rexistrados do Servizo Público de Emprego de Galicia.

3. Os créditos consignados nesta orde poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego.

4. Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Artigo 5. *Definicións*

1. Para os efectos desta orde entenderase por:

a) Persoa desempregada, aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, segundo certificado da mutualidade do colexio profesional, na data de solicitude de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Cando a persoa solicitante non estea de alta como persoa traballadora autónoma ou por conta propia no correspondente réxime da Seguridade Social ou na mutualidade de colexio profesional no momento da presentación da solicitude de subvención, o órgano xestor verificará o cumprimento do requisito de inscrición como demandante de emprego



e de carecer de ocupación laboral, na data de presentación da solicitude de axuda, na da proposta de resolución e na da solicitude de alta como persoa traballadora autónoma ou por conta propia no correspondente réxime da Seguridade Social ou na mutualidade de colexio profesional. No caso de que a persoa solicitante se dea de alta con anterioridade á proposta de resolución, comprobarase o cumprimento dos ditos requisitos nesa data.

A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

Así mesmo, o órgano xestor comprobará que a persoa solicitante careza de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Estas acreditacións, realizadas de oficio polo órgano xestor, incorporaranse ao expediente.

b) Persoa con discapacidade, aquela que teña recoñecido pola Administración competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

De acordo co disposto no artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, considerarase que presentan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos, a acreditación do grao de discapacidade realizarase conforme o previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 300, do 16 de decembro).

A comprobación da condición de persoa con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas logo de autorización do interesado; no caso de non prestar autorización ou que fose recoñecida por outra Administración distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá presentar a documentación acreditativa da discapacidade.

c) Persoa desempregada que esgotase a prestación por desemprego, a que extinguiuse por esgotamento a prestación por desemprego de nivel contributivo, agás o esgotamento



por capitalización a través do pagamento único da prestación contributiva. No caso de que non tivese dereito á percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo, que esgotase o subsidio de desemprego e, en ambos os dous casos, non desempeñase ningún traballo, nin por conta allea nin propia, desde a data do esgotamento.

d) Inmovilizado material ou intanxible, aquel definido como tal no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, e no Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas, e incluídos nos subgrupos 20, 21 e 23 do cadro de contas dos citados plans, excluídos os anticipos.

Para os efectos de acreditar o requisito do investimento mínimo, en inmovilizado material ou intanxible, non se terán en conta os investimentos realizados no domicilio particular da persoa solicitante ou dalgunha das persoas comuneiras ou socias da comunidade de bens ou sociedade civil, agás aqueles debidamente acreditados que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional, así como os investimentos correspondentes a compravendas entre as persoas comuneiras ou socias.

Así mesmo, no suposto de elementos de transporte soamente se computarán os vehículos comerciais ou industriais (furgóns, camións ou vehículos mixtos) que se empreguen no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional, así como os vehículos automóbiles de turismo que sexan empregados nos desprazamentos profesionais polos representantes ou axentes comerciais (epígrafe 511 do IAE), polas persoas traballadoras autónomas que se dediquen á venda ambulante ou á venda a domicilio, os empregados na prestación de servizos de transporte de viaxeiros, de ensino de condutores, e os empregados en servizos de vixilancia, ao 100 % do seu prezo de adquisición, excluído o imposto sobre o valor engadido.

En ningún caso para a acreditación do inmovilizado material ou intanxible se terán en conta os contratos de arrendamento financeiro nin outras figuras xurídicas afíns que non concedan á persoa solicitante o pleno dominio ou titularidade inicial do investimento.

e) Comunidade de bens ou sociedade civil de nova creación, aquelas que inicien a actividade empresarial desde o 1 de outubro de 2015, segundo a data en que se dea de alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, a data de alta no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria.



f) Inicio da actividade laboral: a data solicitada para a alta como persoa traballadora autónoma no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional; esta data será a que figura recollida no documento de alta do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, así como nos informes de vida laboral.

g) Concello rural, aquel que teña unha poboación de menos de 20.000 habitantes. Para computar o número de habitantes dos concellos galegos tomarase como referencia as cifras de poboación referidas ao 1 de xaneiro de 2014 resultantes da revisión do padrón municipal, publicadas polo Instituto Nacional de Estatística e declaradas oficiais mediante o Real Decreto 1007/2014, do 5 de decembro (BOE nº 308, do 22 de decembro).

h) Para os efectos deste programa terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativa da dita situación social, tras a verificación da ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia:

1) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.

2) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.

3) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabituación de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.

4) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.

5) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.

6) Ser inmigrante ou emigrante retornado.

7) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.

8) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.

9) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.



10) Pertencer a unha minoría étnica.

11) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.

12) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.

13) Calquera outro factor non previsto expresamente no artigo 3 da Lei 10/2013, sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.

2. Para a acreditación da pertenza aos colectivos definidos nas letras c) e h) cando no momento da solicitude da subvención a persoa non tivese solicitado a alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, terase en conta a súa situación na data de presentación da solicitude de subvención.

Artigo 6. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das axudas deste programa as persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, e que desenvolvan fundamentalmente a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia (segundo a alta no imposto de actividades económicas ou no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria, modelo 036 ou 037), sempre que, cumprindo as condicións establecidas, reúnan os seguintes requisitos:

– Se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional entre o 1 de outubro de 2015 e o 30 de setembro de 2016, ambos inclusive, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.

– Non estar inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

– Non percibisen subvencións ao abeiro dos distintos programas de emprego autónomo nos tres anos anteriores á data do inicio da nova actividade. Este prazo computarse desde a data de notificación de concesión da resolución da anterior subvención.



– Non desenvolvesen como persoas traballadoras autónomas a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin estivesen de alta como persoas traballadoras autónomas en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que a dita situación de alta presupoña actividade, nos tres meses inmediatamente anteriores. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE). Este requisito non se aplicará cando a actividade desenvolvida fose realizada por persoas traballadoras autónomas colaboradoras.

2. As persoas traballadoras autónomas ou por conta propia poderán ser beneficiarias das axudas deste programa, cando formen parte de comunidades de bens ou sociedades civís de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal. Neste caso, a comunidade de bens ou sociedade civil deberá estar constituída previamente á presentación da solicitude de subvención.

3. Quedan excluídos deste programa as persoas socias de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os autónomos colaboradores.

4. Non poderán obter a condición de beneficiarias do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.



e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

5. Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria cando estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido nos artigos 46º e 46º bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

6. A xustificación por parte das persoas solicitantes de non estar incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria, contidas nos números 4 e 5 anteriores, realizárase mediante declaración responsable.

Artigo 7. *Subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil*

Co obxecto de axudar as persoas mozas desempregadas ao inicio e mantemento do emprego como persoa traballadora autónoma e deste xeito facilitarles ingresos durante o inicio da súa actividade laboral, poderá concedérselles unha subvención de 1.200 euros ás persoas menores de 30 anos na data da solicitude da axuda que soliciten a alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade profesional, desde o 1 de outubro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016.

Artigo 8. *Subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia.*

1. Poderáselle conceder á persoa desempregada, co obxecto de facilitarlle ingresos durante o inicio da actividade e posta en marcha da iniciativa empresarial ou profesional, unha subvención polo seu establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, sempre que acredite o requisito de realizar un investimento en inmovilizado



material ou intanxible necesario para o desenvolvemento da actividade por unha contía non inferior a 3.000 euros sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e se realice no período comprendido entre os tres meses anteriores ao inicio de actividade e os seis meses posteriores ao dito inicio, coa data límite, en todo caso, do 20 de decembro de 2016. No caso da persoa física que estea incluída no réxime especial de recargo de equivalencia, regulado nos artigos 148 e seguintes da Lei do IVE (Lei 37/1992, do 28 de decembro), o IVE non é susceptible de recuperación, polo que se deberá ter en conta para o cumprimento do requisito de investimento mínimo.

No caso de comunidades de bens e sociedades civís, para a acreditación do requisito do investimento mínimo de 3.000 euros realizado por cada persoa comuneira ou socia solicitante da subvención terase en conta a súa porcentaxe de participación na comunidade de bens ou sociedade civil.

2. As contías desta subvención serán as seguintes:

- 5.000 € persoas persoas desempregadas en xeral.
- 8.000 € home desempregado con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.
- 10.000 € muller desempregada con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

No suposto de que as características da persoa desempregada dean lugar á súa inclusión en máis dun colectivo, só será posible aplicar a contía da subvención respecto dun deles, correspondendo a opción á persoa solicitante. En caso de non exercer esta opción, se entenderá solicitada polo colectivo coa contía superior que quede acreditada na documentación achegada coa solicitude, e no caso de que da documentación achegada inicialmente xunto coa solicitude non quede acreditada a pertenza a ningún colectivo se entenderá que se solicita polo colectivo A deste punto.

CAPÍTULO II Procedemento

Artigo 9. *Competencia*

1. A competencia para coñecer, resolver e propor os correspondentes pagamentos das subvencións previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Eco-



nomía, Emprego e Industria, corresponderalles ás persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no respectivo ámbito provincial onde a persoa solicitante desenvolva a súa actividade empresarial ou profesional, segundo consta na alta do imposto de actividades económicas ou alta no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2. Se a persoa solicitante non estivese de alta no IAE ou no censo de obrigados tributarios, no momento da presentación da solicitude, o órgano competente para coñecer, resolver e propor os correspondentes pagamentos será a xefatura territorial no respectivo ámbito provincial segundo o domicilio de actividade manifestado nos datos de identificación do proxecto (anexo I) da solicitude do interesado.

3. Cando a actividade se desenvolva en máis dunha provincia desta comunidade autónoma será competente a persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da provincia en que estea radicado o domicilio onde a persoa solicitante, comunidade de bens ou sociedade civil desenvolva fundamentalmente a súa actividade económica (modelo 036 ou 037).

Artigo 10. *Solicitudes e prazo*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. O prazo para a presentación de solicitudes de axudas do Programa para a promoción do emprego autónomo será de dous meses contados a partir do día seguinte á data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Neste suposto, entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación desta orde. Se o



último día de prazo é inhábil hai entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. Cando a mesma persoa presente solicitude polas dúas liñas de axuda, entenderase que renuncia á solicitude de subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil e procederase ao seu arquivamento, que lle será notificado.

4. As solicitudes estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>, e na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

5. Para a presentación de solicitudes, a persoa interesada poderá contar co asesoramento dos axentes de emprego e desenvolvemento local da rede coordinada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Artigo 11. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das Administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución



3. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade. Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o Cixtec como responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 12. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado “Relacións administrativas coa cidadanía e entidades”, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria como responsable do ficheiro, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.industria@xunta.es.



Artigo 13. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

1. O procedemento de concesión das subvencións recollidas nesta orde será o de concorrencia competitiva, nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Emprego e Economía Social das xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, requirirán a persoa ou entidade interesada para que, nun prazo máximo de dez (10) días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

4. No suposto de que se presente a solicitude de subvención sen solicitar a alta como persoa traballadora autónoma no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional e na data da proposta de resolución a persoa solicitante estivese de alta no réxime xeral ou no correspondente réxime por conta allea da Seguridade Social, entenderase que desiste da súa solicitude.

5. Unha vez efectuados o exame e avaliación das solicitudes someteranse a informe da comisión de valoración, que estará composta pola persoa titular do Servizo de Emprego, que a presidirá e, como vogais, dúas persoas adscritas ao citado servizo, realizando unha delas as funcións de secretaría.

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída pola persoa que, para o efecto, designe o órgano competente para resolver.

6. As solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos sinalados nos artigos 7 e 8 serán avaliadas tendo en conta os seguintes criterios de valoración específicos no momento da solicitude, excepto para as letras b) e c), en que se terá en conta o momento da alta na Seguridade Social se esta é anterior á solicitude:

a) Persoa con discapacidade ou pertencente a un colectivo en risco ou exclusión social: 20 puntos.



b) Persoa desempregada de xeito ininterrompido, ata 15 puntos, segundo a seguinte escala:

b.1)) Persoa desempregada máis de 720 días: 15 puntos

b.2) Persoa desempregada entre de 361 días e 720 días: 10 puntos

b.3) Persoa desempregada entre 181 días e 360 días: 6 puntos

b.4) Persoa desempregada entre 91 e 180 días: 2 puntos

b.5) Persoa desempregada entre 30 e 90 días: 1 punto.

c) Persoa desempregada que esgotase a prestación por desemprego: 10 puntos.

d) Pola súa idade no momento da solicitude, ata 8 puntos segundo a seguinte escala:

d.1) Persoa menor de 30 anos: 8 puntos

d.2) Persoa maior de 45 anos: 4 puntos

d.3) Persoa maior de 30 e menor de 45 anos: 2 puntos

e) Muller : 3 puntos

f) Concello rural: cando a actividade teña o domicilio fiscal nun concello rural: 2 puntos.

Sendo puntuación total é a suma de todos os conceptos.

Para o caso de que se produza un empate nas puntuacións obtidas en aplicación destes criterios, terá preferencia o solicitante que declare que a súa actividade ten o domicilio fiscal nun concello rural con menos habitantes segundo o establecido na letra g) do artigo 5 e, de continuar o empate, o solicitante de menor idade.

7. Para a comparación das solicitudes presentadas, establécese unha puntuación máxima de 58 puntos, co fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración anteriores e adxudicar, co límite fixado no artigo 4, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios ata esgotar o crédito existente. Os expedientes que non resulten propostos para o seu financiamento por esgotamento do crédito



dispoñible quedarán propostos para a súa incorporación nunha listaxe de substitución e serían atendidos a través do crédito que quedase sen comprometer ao producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ou cun posible incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións.

Artigo 14. *Documentación*

1. A solicitude deberase presentar nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde, e deberán ir acompañadas do orixinal, copia compulsada ou copia cotexada da seguinte documentación:

Documentación:

a) Autorización á Consellería de Economía, Emprego e Industria segundo o modelo anexo I, para a consulta dos datos de identidade, DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante no Sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro.

No caso de non prestar esta autorización, a persoa solicitante ou o representante deberá achegar o DNI ou o NIE.

No caso dunha comunidade de bens ou sociedade civil, NIF da entidade, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.

Contrato o documento de creación da comunidade de bens ou sociedade civil onde conste a porcentaxe de participación das persoas socias ou comuneiras, se é o caso.

Cando se actúe mediante representación, esta atribución expresa acreditarase por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna. Débese achegar declaración ante un notario ou secretario municipal, que adquirirá esta a categoría de documento público, en pode ser substituída por declaración en comparecencia persoal do representado ante o órgano xestor.

b) Plan de negocio empresarial segundo anexo II ou aqueloutra que, respectando o seu contido, queira presentar a persoa solicitante.

Este plan deberá ter informe da súa viabilidade económica e financeira de entidade independente, entre as que figuran a Unidade de Galicia Emprende e os axentes de empre-



go e desenvolvemento local, ben no momento da presentación da solicitude ou na posterior fase de xustificación do pagamento.

c) Se a persoa solicitante na data de presentación da solicitude de axuda xa está de alta como autónoma no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, deberá xuntar:

c.1) Documentos de resolución e , de ser o caso, de solicitude de recoñecemento de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

c.2) Alta no imposto de actividades económicas ou no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria (modelo 036 ou 037), unicamente no caso de denegar expresamente a consulta do imposto de actividades económicas.

c.3) De ser o caso, certificado do colexio profesional de alta no dito colexio, con indicación de se presupón ou non exercicio da actividade e certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela.

d) Documentación acreditativa de que se encontra ao día das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social e de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que a persoa solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia.

e) Documentación acreditativa do colectivo polo cal se opta (para os casos de exclusión social ou discapacidade recoñecida fóra de Galicia ou que non autorice a súa verificación no caso de ser emitido pola Xunta de Galicia).

2. A documentación poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

CVE-DOG: 2ndingw2-d3u7-rp31-n0j8-x1ak2guc4fv0



A documentación tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro

4. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 15. *Resolución e recursos*

1. O órgano instrutor elevará o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución á persoa responsable da respectiva xefatura territorial, que resolverá a concesión ou denegación da axuda mediante resolución motivada e individualizada, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2. Os incrementos de crédito, así como o crédito liberado polas renuncias ou revogações das subvencións outorgadas, destinarase á concesión de subvencións, se é o caso, daquelas solicitudes que, por insuficiencia de crédito, non obtiveran a subvención.

3. O prazo para resolver e notificar a resolución será de tres meses, que se computará desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.



5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. Na notificación da resolución da subvención comunicárase ao beneficiario o financiamento con cargo ao Fondo Social Europeo con concreción do eixe, obxectivo temático, prioridade de investimento, obxectivo específico e porcentaxe de cofinanciación de que se trate. Así mesmo, na resolución de concesión que se notifique aos beneficiarios estableceranse as condicións da axuda derivadas da aceptación da subvención a que quedan sometidos os beneficiarios, en especial os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o calendario de execución.

Artigo 16. *Xustificación e pagamento*

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen nos prazos establecidos nesta orde.

3. Para os efectos de xustificar o cumprimento do requisito de investimento previsto no artigo 8.1 desta orde, entenderase realizado o que foi efectivamente facturado realizado no período previsto no artigo 8.1 desta orde, polo que deberá estar efectivamente pagado á finalización do período de xustificación.

O período de xustificación é o establecido na resolución de concesión e finaliza, en todo caso, o 20 de decembro de 2016.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as obrigas de facturación, e deberán estar emitidas con data límite, en todo caso, do 20 de decembro de 2016.



4. A xustificación do pagamento das facturas correspondentes ao requisito de investimento establecido para esta orde deberase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria.

5. O pagamento das axudas quedará condicionado á presentación do orixinal, copia compulsada ou cotexada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a relacionada nos puntos seguintes:

A. Documentación común:

a) Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis*. Ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo o modelo do anexo III).

b) Información dos indicadores de execución sobre os participantes a que se refire o anexo I do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, de acordo co modelo que estará dispoñible na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

c) De non achegarse con anterioridade, deberá xuntar:

c.1) Documentos de resolución e , de ser o caso, de solicitude de recoñecemento de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou en colexio profesional e mutualidade que corresponda

c.2) Alta no imposto de actividades económicas ou no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria (modelo 036 ou 037), unicamente no caso de denegar expresamente a consulta do imposto de actividades económicas.

c.3) De ser o caso, certificado do colexio profesional de alta no dito colexio, con indicación de se presupón ou non exercicio da actividade, e certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela.



d) Documentación acreditativa dos requisitos avaliados segundo os criterios de valoración.

e) Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 17, letra j) desta orde.

f) No caso de non presentarse no momento da solicitude, informe de viabilidade económica e financeira do proxecto de negocio empresarial, de acordo co descrito no artigo 14.1, letra b), desta orde.

g) Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda

B. Documentación específica para a subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia:

a) Listaxe asinada coa relación dos investimentos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas e demais documentos xustificativos do investimento realizado e da axuda concedida, segundo o anexo IV desta orde.

b) Facturas xustificativas da realización do investimento en inmovilizado material ou intanxible e documento bancario acreditativo do seu pagamento.

c) No suposto de adquisición de vehículos comerciais ou industriais (furgóns, camións ou vehículos mixtos), tarxeta de ITV onde figure esta clasificación.

6. Malia o sinalado nos puntos anteriores, a documentación exixida para a fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude, á opción da persoa interesada.

7. As persoas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento sinalada neste artigo no prazo establecido na resolución de concesión.

8. Non se poderá realizar o pagamento da subvención mentres a persoa beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de reintegro.



CAPÍTULO III Obrigas e incompatibilidades

Artigo 17. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións:

a) Solicitar a alta como persoa traballadora autónoma no correspondente réxime da seguridade social ou en mutualidade de colexio profesional no prazo indicado na resolución de concesión. O incumprimento desta obriga comportará a perda total do dereito ao cobramento da totalidade da axuda concedida.

b)) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo dun ano se se concede a subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil e de dous anos se se concede a subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente.

No suposto de darse de baixa con anterioridade a estes prazos, deberá comunicar esta circunstancia ao órgano concedente ata o último día do mes posterior a dita baixa. O incumprimento desta obriga de comunicación pola persoa beneficiaria comportará o reintegro da totalidade das axudas percibidas ao abeiro desta orde.

c) No prazo máximo de catro semanas desde o cumprimento dos prazos de mantemento da condición de traballador a que se refire a letra b) deste artigo, as persoas beneficiarias deberán presentar os indicadores de resultado inmediatos a que se refire os anexo I do Regulamento (UE) num. 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, segundo o modelo que estará á súa disposición na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria. A administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde que finalicen os citados períodos de mantemento da actividade laboral, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

d) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

e) Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade, que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de execución



e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

f) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión o seguimento do FSE, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

g) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

h) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

i) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

j) Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) 1303/2013, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. A data de certificación dos gastos á Comisión Europea será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

k) Cumprir coas medidas de comunicación e información establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do 17 de decembro de 2013. En particular, as accións de información e comunicación contarán co emblema da Unión Europea e a referencia ao



Fondo Social Europeo e nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

l) Informar á persoa beneficiaria, no caso de ser unha entidade xurídica, de que a aceptación da axuda comunitaria do Fondo Social Europeo implicará a súa aparición na lista pública cos nomes das persoas ou entidades beneficiarias, das operacións e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación, así como a outra información recollida no anexo XII en relación co artigo 115.2 do Regulamento (UE) 1303/2013.

m) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos casos previstos nesta orde.

n) As persoas físicas beneficiarias de calquera axuda deste programa deberán manter durante o período dun ano a forma xurídica elixida pola cal se lles concederon as subvencións.

ñ) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18. Incompatibilidades e concorrencia

1. A subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil, prevista no artigo 7 desta orde, é incompatible coa subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia prevista no artigo 8.

2. A subvención establecida neste programa será incompatible coas establecidas nos distintos programas de promoción do emprego autónomo, nos programas de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, iniciativas de emprego, iniciativas de emprego de base tecnolóxica e integración laboral das persoas con discapacidade, convocadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Así mesmo, serán incompatibles coas axudas comprendidas no programa Emega para o fomento do emprendemento feminino convocadas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como con outras que polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego.



Artigo 19. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 20. *Perda do dereito ao cobramento da axuda e reintegro*

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida cando a persoa beneficiaria modifique a actividade a desenvolver declarada na solicitude e na memoria do proxecto.

3. Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida no suposto de non estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

4. Procederá o reintegro total da axuda concedida ao abeiro do artigo 7 desta orde no suposto de non cumprir a obriga establecida no artigo 17 b) de mantemento da actividade.

Procederá o reintegro total das axudas concedidas ao abeiro desta orde no suposto de non cumprir co prazo indicado no artigo 17, letra m).

Procederá o reintegro total da axuda concedida no caso de incumprir a obriga indicada no artigo 17, letra g) de comunicar a obtención doutras axudas incompatibles.

5. Procederá o reintegro parcial da axuda concedida ao abeiro do artigo 8 desta orde ao non cumprir a obriga establecida no artigo 17, letra b) de manter a actividade durante dous anos, e se aproxime de xeito significativo a ela, entendendo como tal ter mantido a actividade e a forma xurídica elixida durante polo menos dezaioito meses e que a persoa beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus



compromisos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.

6. O incumprimento da obriga establecida no artigo 17º letra j) dará lugar ao reintegro parcial do 2 % da axuda concedida.

7. O incumprimento da obriga establecida no artigo 17, letra g), de comunicación da obriga de comunicar outras axudas, no caso de que estas fosen compatibles, dará lugar ao reintegro parcial polo exceso de financiamento segundo o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 21. *Seguimento e control*

1. As xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Secretaría Xeral de Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, a persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

2. A persoa solicitante das axudas e subvencións previstas nesta orde, no suposto de teren a condición de beneficiaria e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, autorizan a Consellería de Economía, Emprego e Industria para que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poida facilitar a información sobre a situación de alta no sistema da Seguridade Social.

Artigo 22. *Réxime das axudas*

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) Nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto



a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de “única empresa” establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se establece no Regulamento (UE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

b) As axudas concedidas ás empresas dedicadas á produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) As axudas concedidas ás empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

c.1) Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

c.2) Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a totalidade desta se repercuta aos produtores primarios.

d) As axudas ás actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

e) As axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

Artigo 23. *Devolución voluntaria da subvención*

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou



parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Disposición adicional primeira. *Seguimento*

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Economía, Emprego e Industria levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Economía, Emprego e Industria para comprobar o cumprimento dos requisitos e indicadores exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Disposición adicional segunda. *Documentación orixinal*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa estea en poder da Administración actuante.

Disposición adicional terceira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria nas persoas titulares das xefaturas territoriais, no ámbito das súas respectivas provincias, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, e autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, e resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, de que traen causa, ditadas por delegación da persoa titular da consellería. Así mesmo, apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para a tramitación e resolución dos expedientes de desconcentración dos créditos necesarios para o financiamento desta orde.



Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2015

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria






XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR341D	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME <input type="text"/>		PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>
TIPO DE VÍA <input type="text"/>		NOME DA VÍA <input type="text"/>	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
CP <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
TELÉFONO <input type="text"/>	TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	
TEMPO DE PERMANENCIA EN DESEMPREGO <input type="text"/>		DATA DE NACEMENTO <input type="text"/>	SEXO <input type="text"/>
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME <input type="text"/>		PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>
EN CALIDADE DE <input type="text"/>		NIF <input type="text"/>	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)			
TIPO DE VÍA <input type="text"/>		NOME DA VÍA <input type="text"/>	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
CP <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
TELÉFONO <input type="text"/>	TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	
DATOS BANCARIOS Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.			
TITULAR DA CONTA <input type="text"/>		NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>	
TIPO DE PROMOCIÓN QUE SE SOLICITA <input type="radio"/> Subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil <input type="radio"/> Subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma			
DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO DE NEGOCIO (estes datos deben coincidir cos do plan de negocio segundo o anexo II)			
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN) <input type="text"/>		CNAE <input type="text"/>	
TIPO DE VÍA <input type="text"/>		NOME DA VÍA <input type="text"/>	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
CP <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	
<input type="radio"/> PERSOA AUTÓNOMA INDIVIDUAL <input type="radio"/> COMUNIDADE DE BENS OU SOCIEDADE CIVIL <input type="radio"/> MUTUALIDADE (especificar) <input type="text"/>			
INVESTIMENTO QUE SE VAI REALIZAR		FINANCIAMENTO	
INMOVILIZADO MATERIAL OU INTANXIBLE <input type="text"/>	RESTO INVESTIMENTO <input type="text"/>	CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE (durante dous anos) <input type="text"/>	FONDOS PROPIOS <input type="text"/>
		FONDOS ALLEOS <input type="text"/>	
DATA DE ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL <input type="text"/>		Nº DE INSCRICIÓN NA SEGURIDADE SOCIAL <input type="text"/>	DATA DE ALTA NO IAE <input type="text"/>

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia https://sede.xunta.es

CVE-DOG: 2ndingw2-d3u7-rp31-n0j8-x1ak2guc4fv0





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

SUBVENCIÓN QUE SOLICITA

No suposto de que as características da persoa desempregada dean lugar á súa inclusión en máis dun colectivo, só será posible aplicar a contía da subvención respecto dun deles, correspondendo a opción á persoa solicitante.

- SUBVENCIÓN PARA INICIATIVAS DE AUTOEMPREGO XUVENIL (1.200 €)
- SUBVENCIÓN POLO ESTABLECEMENTO COMO PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA (indicar o colectivo polo cal se opta)

COLECTIVO	CONTÍA SOLICITADA	COLECTIVO	CONTÍA SOLICITADA
<input type="checkbox"/> Persoa desempregada	5.000 €	<input type="checkbox"/> Home desempregado pertencente a colectivo de exclusión social	8.000 €
<input type="checkbox"/> Home desempregado con discapacidade	8.000 €	<input type="checkbox"/> Muller desempregada pertencente a colectivo de exclusión social	10.000 €
<input type="checkbox"/> Muller desempregada con discapacidade	10.000 €		

Declaro que son certos os seguintes datos correspondentes aos criterios de valoración segundo o artigo 13 (sinálese cun X os colectivos aos que declare pertencer):

CRITERIO DE VALORACIÓN	PUNTOS
<input type="checkbox"/> Persoa con discapacidade ou pertencente a colectivo de exclusión social	20
<input type="checkbox"/> Persoa desempregada de xeito ininterrompido	
<input type="checkbox"/> Máis de 720 días	15
<input type="checkbox"/> Entre 361 e 720 días	10
<input type="checkbox"/> Entre 181 e 360 días	6
<input type="checkbox"/> Entre 91 e 180 días	2
<input type="checkbox"/> Entre 30 e 90 días	1
<input type="checkbox"/> Persoa desempregada que esgotase a prestación por desemprego	10
<input type="checkbox"/> Idade no momento da solicitude	
<input type="checkbox"/> Menor de 30 anos	8
<input type="checkbox"/> Maior de 45 anos	4
<input type="checkbox"/> Entre 30 e 44 anos	2
<input type="checkbox"/> Muller desempregada	3
<input type="checkbox"/> Actividade situada nun concello rural	2
TOTAL	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que en relación con axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.
8. Que coñece que as axudas solicitadas nesta orde están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo nun 80 %.
9. Que se compromete a darse de alta como persoa traballadora autónoma por conta propia no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional no prazo sinalado na resolución de concesión con data límite do 30 de setembro de 2015.
10. Que se compromete a realizar o investimento mínimo de 3.000 € indicado no artigo 8 desta orde, no caso de ter solicitado a subvención polo establecemento como persoa autónoma.
11. Que se compromete a entregar informe sobre a viabilidade do plan de negocio empresarial, no caso de non telo entregado no momento de presentación da solicitude.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

1. Documentación xeral (art. 14.1)				
<input type="checkbox"/>	DNI ou NIE da persoa solicitante, unicamente no caso de non prestar autorización á súa consulta.			
<input type="checkbox"/>	DNI ou NIE da persoa representante, unicamente no caso de non prestar autorización á súa consulta.			
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa da atribución expresa no caso de actuar mediante representación.			
<input type="checkbox"/>	Plan de negocio empresarial asinada pola persoa solicitante (segundo o modelo do anexo II) ou aquela outra que, respectando o seu contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.			
No suposto de que a persoa solicitante solicítase a alta de autónomos, deberá achegar:				
<input type="checkbox"/>	Documento de solicitude e resolución de recoñecemento de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponda.			
<input type="checkbox"/>	Alta no imposto de actividades económicas alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (modelo 036 ou 037) ou, unicamente no caso de que denegue expresamente a consulta da alta no Imposto de Actividades Económicas			
<input type="checkbox"/>	De ser o caso, certificado do colexio profesional de alta no dito colexio, con indicación de se presupón ou non exercicio da actividade e certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela.			
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa de que se encontra ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que a persoa solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia			
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa da pertenza ao colectivo polo cal se opta (para os casos de exclusión social ou discapacidade recoñecida fora de Galicia ou que non autorice a súa consulta no caso de ser emitido pola Xunta de Galicia).			
	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			

Autorizo á Consellería de Economía, Emprego e Industria, de conformidade co artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.
Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo á Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo á Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

CVE-DOG: 2ndingw2-03u7-rp31-n0j8-x1ak2guc4fv0



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

Autorizo á Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos relativos á situación de discapacidade reconecida pola Xunta de Galicia que obran en poder da Administración Autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lopd.industria@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, con cargo ao programa operativo FSE 2014-2020 e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

 SEDE ELECTRÓNICA

Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II

PLAN DE NEGOCIO EMPRESARIAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. DATOS PERSOAIS

PROFESIÓN

ESTUDOS REALIZADOS

FORMACIÓN RELACIONADA COA ACTIVIDADE EMPRESARIAL QUE SE VAIA DESENVOLVER

EXPERIENCIA PROFESIONAL			
ACTIVIDADES PROFESIONAIS REALIZADAS	POR CONTA ALLEA	POR CONTA PROPIA	DURACIÓN (MESES)

CVE-DOG: 2ndingw2-d3u7-rp31-n0j8-x1ak2guc4fv0

**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
(continuación)

4. IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

NOME DA EMPRESA NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

LOCAL DO NEGOCIO
 EN PROPIEDAD EN ALUGAMENTO EN TRASPASO SEN UN LOCAL DETERMINADO

É A SÚA VIVENDA HABITUAL? SI NON DIMENSIÓNS DO LOCAL É LOCAL AUTORIZADO? SI NON

FORMA DE CONSTITUCIÓN
 PERSOA AUTÓNOMA INDIVIDUAL COMUNIDAD DE BENS OU SOCIEDADE CIVIL MUTUALIDADE (especificar)

NOME DA COMUNIDADE DE BENS OU SOCIEDADE CIVIL NÚMERO DE SOCIOS/AS PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE NA S.C. O C.B.

DATA DE SOLICITUDE DE ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL OU MUTUALIDADE DATA DE ALTA SEGUNDO A DECLARACIÓN CENSUAL OU NO IAE CNAE É PERCEPTOR/A DO PAGAMENTO ÚNICO DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO SI NON

INDIQUE O ASESORAMIENTO RECIBIDO NO PROXECTO

DESCRIPCIÓN DA NOVA ACTIVIDADE QUE SE VAIA DESENVOLVER
 Describa brevemente os servizos que se van prestar ou os bens que se van producir e as necesidades que se pretenden cubrir

MERCADO DA NOVA EMPRESA
 Describa brevemente cal será o mercado en que actúe a empresa, os clientes e as súas características, o territorio en que se desenvolverá a actividade, os principais competidores, as principais diferenzas entre o seu servizo ou produto e o da competencia, etc.

RECURSOS HUMANOS
 Describa os postos de traballo que se crearán, ademais do propio. Ocupación, tipo de contrato fixo ou temporal, duración do contrato, xornada de traballo, método de selección do persoal, etc.
 AO COMEZO DA ACTIVIDADE

NOS SEIS PRIMEIROS MESES

CON POSTERIORIDADE

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE
 Describa calquera outra información adicional que considere de interese para a avaliación do proxecto





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
(continuación)

5. PLAN DE INVESTIMENTO

CONCEPTO DE INMOVILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE	IMPORTE (euros)
Terreos	
Construcións	
Compra de locais	
Acondicionamento de local	
Instalacións	
Ferramentas	
Elementos de transporte	
Mobiliario	
Equipamentos informáticos e de procesos de información	
Investigación e desenvolvemento	
Concesións administrativas	
Propiedade industrial	
Fondo de comercio	
Dereitos de traspaso	
Aplicacións informáticas	
Outros (especificuense)	
SUBTOTAL INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE (A)	
RESTO INVESTIMENTO	
Mercadorías	
Arrendamento local, maquinaria e equipamentos informáticos	
Seguros do local	
Tesouraría	
Outros (especificuense)	
SUBTOTAL RESTO INVESTIMENTO (B)	
TOTAL GASTOS DE INVESTIMENTO (C=A+B) (IVA non incluído)	

6. PLAN DE FINANCIAMENTO

RECURSOS FINANCIEROS	IMPORTE (euros)
Recursos propios	
Préstamos	
Outras fontes de financiamento (especificuense)	
TOTAL FINANCIAMENTO (D) (*)	

(*) A suma do total do investimento e o total do financiamento deben coincidir (C=D)





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
(continuación)

7. CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PREVISTAS PARA OS DOUS PRIMEIROS ANOS

INGRESOS	1º ANO	2º ANO
Vendas		
Prestación de servizos		
Outros ingresos (especifíquese)		
TOTAL INGRESOS		
GASTOS	1º ANO	2º ANO
Gastos de constitución		
Compras de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos		
Arrendamentos		
Servizos de profesionais independentes		
Publicidade		
Transportes		
Seguros de local		
Outros seguros		
Subministracións (electricidade, auga, etc.)		
Tributos		
Gastos da Seguridade Social da persoa promotora		
Gastos do persoal contratado (salarios e Seguridade Social)		
Gastos financeiros		
Dotacións por amortizacións		
Outros (especifíquese)		
TOTAL GASTOS		
BENEFICIO PREVISTO (TOTAL INGRESOS - GASTOS)		

8. CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE NOS DOUS PRIMEIROS ANOS

CONCEPTO	IMPORTE (euros)
TOTAL GASTOS DA SEGURIDADE SOCIAL DA PERSOA PROMOTORA (2 primeiros anos)	
TOTAL GASTOS DE INVESTIMENTO (número 5 desta memoria)	
TOTAL OUTROS GASTOS (entre outros, gastos de constitución, custos salariais, servizos externos, publicidade, alugamento de maquinaria e seguros do local)	
CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE (IVE non incluído)	





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
(continuación)

9. MEDIDAS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL E DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Descrba brevemente as medidas en materia de seguridade e saúde laboral e de prevención de riscos laborais adoptadas

10. ADECUACIÓN EN MATERIA DE AMBIENTE

Descrba brevemente as medidas de adecuación en materia de protección do ambiente adoptadas, en especial pola localización e a actividade da empresa

11. OBSERVACIÓNS/OUTROS DATOS

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

galicia



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS EN RÉXIME DE *MINIMIS*

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DECLARA

a) Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDA		ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					


b) Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (Regulamento (CE) nº 1998/2006), neste ano e nos dous anteriores, as axudas seguintes:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de



CVE-DOG: 2ndingw2-d3u7-rp31-n0j8-x1ak2guc4fv0



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



ANEXO IV

LISTAXE COA RELACIÓN DOS INVESTIMENTOS E OS GASTOS REALIZADOS E DA AXUDA SOLICITADA OU CONCEDIDA

TR341D PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOMBRE PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE AXUDA SOLICITADA OU CONCEDIDA

Nº ORDE	PROVEDOR	CONCEPTO/DESCRICIÓN	NÚMERO/REFERENCIA	DATA DA FACTURA	DATA DO DOCUMENTO DE PAGAMENTO	IMPORTE (sen IVE)

Achéganse a esta relación as facturas enumeradas e os seus documentos bancarios acreditativos do pagamento, de acordo co número de orde asignado. Se non dispón de espazo suficiente, faga unha relación en folia á parte. Lémbrales que a xustificación do pagamento dos gastos obxecto destas subvencións deberá acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán como xustificantes os obtidos a través de internet se non están validados pola entidade bancaria.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

